



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 682 Semana do 13 ao 19 de xuño de 2016

20 DE XUÑO, DÍA DO REFUXIADO**UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A PARTICIPAR NAS MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS ESTE DOMINGO E LUNS PARA DEMANDAR UN CAMBIO DE RUMBO QUE FREE A VIOLACIÓN DE DEREITOS DOS MIGRANTES E REFUXIADOS**

Redacción.- Con motivo da celebración o 20 de xuño do Día mundial do refuxiado, convocanse en todo o país mobilizacións baixo o lema "SOS refuxiados. Refuxio por dereito, Europa á deriva".

O obxectivo é demandar un cambio de rumbo que free a violación de dereitos das persoas migrantes e refuxiadas.

Porque as políticas europeas de migración e asilo, lonxe de dar unha resposta solidaria, baseada no respecto aos dereitos humanos das persoas migrantes e refuxiadas, puxo en grave perigo as vidas de miles de persoas, moitas delas mulleres e nenos, convertendo o mar Mediterráneo na maior fosa común no mundo onde xa morreron máis de 25.000 persoas nos últimos 15 anos. O pasado 18 de marzo os líderes europeos asinaron unha declaración con Turquía que, ademais de vergonzosa, é ilegal.

Así, esíxelle á UE e aos seus estados membros cambiar o enfoque das políticas de migración e asilo; cumprir a legalidade europea a internacional; retirar o acordo con Turquía; habilitar vías seguras e legais para que os refuxiados non teñan que arriscar a súa vida en perigosas rutas; garantir unha acollida digna; garantir a protección das organizacións e persoas que apoian á poboación refuxiada; combatir activamente os discursos e narrativas xenófobas; incorporar nas políticas migratorias a nivel europeo o obxectivo da xestión das novas fronteiras invisibles que se están xerando nas cidades; finalizar a militarización da zona que pode derivar en conflitos aínda máis complexos; e apostar por unha política eu-

19 e 20
XUNO XUNO
MANIFÉSTATE CONTRA A INDIGNIDADE
NO TE REFUXIES
NA RESIGNACIÓN



ropea e presupostaria común de apoio á situación de refuxiados e migrantes.

Ao Goberno español se lle esixe retirar o seu apoio ao acordo con Turquía; axilizar a acollida de refuxiados; reforzar o sistema nacional de acollida de refuxiados co orzamento necesario; respectar escrupulosamente os dereitos humanos na fronteira sur e no resto das fronteiras europeas; velar porque o conxunto dos actores políticos, económicos e sociais non empreguen men-

saxes de carácter xenófobo; levar a cabo accións específicas de información e sensibilización da opinión pública española sobre a situación de emerxencia actual e as súas causas; reforzar as políticas de integración; incrementar os fondos para axuda humanitaria e axuda ao desenvolvemento; e defender unha postura nas institucións europeas que sexa reflexo do sentir da sociedade española e que, polo tanto, defenda o cumprimento da legalidade e o respecto aos dereitos humanos.

Mobilizacións convocadas en Galicia

A Coruña: manifestación o día 19 ás 12.00 horas dende o Orzán.

Santiago: manifestación o día 19 ás 12.00 horas desde a Alameda.

Ferrol: manifestación o día 19 ás 12.00 horas desde a Praza de España.

Lugo: manifestación o día 20 ás 20.00 horas dende o edificio da Xunta.

Ourense: manifestación o día 20 ás 20.30 horas dende a Subdelegación do Goberno.

Pontevedra: concentración o día 19 ás 12.00 horas na Praza da Peregrina.

Vigo: manifestación o día 19 ás 11.00 hors dende o Cruce da Doblada.

UN MINUTO DE SILENCIO NAS SEDES DE UGT POLAS VÍTIMAS DO ATENTADO DE ORLANDO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores convocou un minuto de silencio ás 12:00 horas o pasado luns na porta de todas as súas sedes para mostrar a súa condena máis absoluta ao ataque homófobo ocorrido en Orlando (EE.UU.) e expresar a súa solidariedade coas vítimas e os seus familiares.

O sindicato denuncia o repunte deste tipo de actos violentos, que son unha mostra de intolerancia e discriminación, e demanda unha implicación directa dos gobernos, institucións e sociedade na loita contra esta lacra.



Combater a discriminación desde o principio esixe unha educación baseada na igualdade, a tolerancia e o respecto, para continuar en ámbitos

como a familia, o emprego, os servizos privados e públicos, incluídos a sanidade ou os servizos sociais, os lugares públicos e os medios de comunicación.

“SE O CUMPRES, VÓTOCHE”, “SE NON DEROGAS, NON CHE VOTO”

Redacción.- UGT, no marco das #20actuacións urxentes polo Progreso e Benestar Social, ven de iniciar unha campaña, protagonizada por mozos e centrada na súa problemática, para animar aos cidadáns a que co seu voto decidan que tipo de políticas queren que se adopten neste país, a partir do 26 de xuño, data en que se celebrarán as próximas eleccións xerais.

Dúas opcións, dúas camisetas, unha en branco e outra en negro, en positivo e en negativo, con dúas mensaxes claras “Se o cumpres, vótoche”, “Se non derogas, non che voto” e distintos contidos, que se irán difundindo ao longo destes días, preferentemente a través das redes sociais.

Se o cumpres, vótoche

-Por un contrato e un salario acorde á nosa cualificación.

-Porque volvan a casa todos os nosos exiliados, obrigados a emigrar para buscarse a vida.

-Por ter unha pensión digna nun futuro, e non ás migallas do presente.

-Porque o meu país volva a confiar no



SI LO CUMPRES,
TE VOTO

📍26J #decidestú

meu talento.

-Porque a xeración máis preparada deste país non se quede na rúa.

-Porque non sexamos sempre os eternos precarios.

-Porque se derroge a reforma laboral e consigamos un emprego estable e con dereitos.

-Porque nos deixen edificar un futuro de vida estable.

-Porque a base da nosa economía se asente sobre os pilares da nosa produtividade.

Se non derogas, non che voto

-Non nos deixan acceder a un emprego



SI NO DEROGAS,
NO TE VOTO

📍26J #decidestú

digno.

-Somos a xeración máis preparada e, á vez, os eternos precarios.

-Traballamos polos salarios máis baixos.

-A educación que ofertan é inaccesible aos nosos petos.

-Investimos o noso diñeiro e tempo en formarnos para nada.

-Obrigánnos a emigrar para buscar unha oportunidade de vida.

-Non podemos emanciparnos.

-Condénannos a depender dos nosos país ou maiores.

-Cada lei que se aproba é un golpe para nós.



A XUNTA ELECTORAL CENTRAL COMUNICA A UGT E CCOO QUE TRASLADA AO CONGRESO PARA O SEU DEBATE A ILP POR UNHA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS

Redacción.- A Xunta Electoral Central notificou a UGT e CCOO que traslada ao Congreso dos Deputados a Iniciativa Lexislativa Popular por unha Prestación de Ingresos Mínimos, tras comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos. Neste sentido, ratifica que se superaron as 500.000 firmas (660.000) esixidas polo artigo 87.3 da Constitución.

Ambos sindicatos valoran que esta Iniciativa Lexislativa Popular poida ser unha das primeiras que se aborde nas Cortes da próxima lexislatura. Unha demanda sindical que responde a unha emerxencia social: garantir unhas condicións básicas para atender as necesidades máis esenciais das persoas que, con dispoñibilidade para traballar, carecen de emprego e duns recursos económicos mínimos para si ou para as familiares ao seu cargo.

A prestación vai dirixida a persoas entre 18 e 65 anos, que non reúnen as condicións para outras prestacións e que leven inscritos no desemprego, polo menos, un ano polo que se calcula que os beneficiarios potenciais serían algo máis de 2 millóns de persoas.

Trátase de poñer en marcha un novo dereito subxectivo, vinculado á Seguridade



Social, financiado vía Presupostos Xerais do Estado, que permita aos seus beneficiarios ter unha contía de 426 euros, o 80% do IPREM, que aumentará en función do número de compoñentes da unidade familiar e que se mantéña mentres a persoa siga nesta situación.

Sería incompatible con outras prestacións da Seguridade Social (salvo as familiares non contributivas) pero compatible coas de atención á dependencia, axudas á infancia, axudas de emerxencia social ou calquera outra de natureza asistencial de calquera administración pública.

UGT RECLAMA ELEVAR OS SALARIOS PARA CONSOLIDAR O CRECEMENTO ECONÓMICO

Redacción.- Segundo os datos publicados polo INE, a variación anual do nivel xeral de prezos en España no mes de maio é do -1 % interanual, unha décima superior á de abril, e acumula cinco meses de taxas negativas. UGT considera que a evolución dos prezos pon de manifesto que a crise segue enquistada debido a un modelo económico e produtivo incompatible co progreso social, a igualdade, e mesmo coa propia estabilidade macroeconómica. O sindicato subliña que é necesario elevar os salarios, incluído o Salario Mínimo, para impulsar o crecemento económico, -unha das #20Actuacións urxentes polo progreso e o benestar social presentadas polas organizacións sindicais para as eleccións xerais do 26X-. Neste sentido, reclama fixar unha estratexia de crecemento dos salarios, tanto nos convenios do sector privado como do público, para recuperar a perda salarial dos últimos anos, dar solidez á recuperación da economía e reducir as desigualdades e os niveis de pobreza. É urxente dar resposta aos problemas das persoas, cun



cambio nas políticas que propicien un novo de modelo produtivo e o compromiso dos partidos coas #20Actuacións debe ser o punto de partida para iniciar ese cambio.

O IPC deste mes de maio sitúase no 0,5%, unha décima por baixo do dato adiantado e dúas décimas inferior á do mes de abril. Esta taxa repite o dato de maio do ano pasado. A taxa anual do IPC sitúase, tal como xa se adiantou o pasado 30 de maio, no -1,0%, encadeando cinco meses de inflación negativa.

Pola súa banda, a taxa anual subxacente, sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos, situouse no 0,7%, repetindo o dato do pasado mes de abril.

En canto, ao IPCA, a súa taxa anual sitúase no -1,1%, unha décima por encima do -1,2% rexistrado no mes de abril. Deste xeito, España leva xa desde setembro de 2013, 33 meses consecutivos, cun diferencial de prezos negativo con Europa. A variación mensual do IPCA é do 0,5%. O indicador adiantado da zona euro é do -0,1%, un punto por encima da taxa de España.

NON PODEMOS PERMITIR QUE A POBREZA SE TRANSMITA DE XERACIÓN EN XERACIÓN

Redacción.- A (OIT) dedica este ano a celebración do día mundial contra o traballo infantil a "Eliminar o traballo Infantil nas Cadeas de Produción", unha reivindicación que a UGT comparte e que vira en torno ao respecto que deben ter todas as empresas á lexislación de cada país, así como, aos principios e dereitos fundamentais no traballo, concretamente á eliminación do traballo infantil, segundo precisase nos convenios da OIT sobre a idade mínima e sobre as peores formas de traballo infantil.

É nos pequenos talleres ou as casas particulares onde máis nenos e nenas detéctanse en cadeas de produción. Maioritariamente en zonas pobres, onde os salarios e os ingresos son insuficientes ou onde os sistemas educativos non aseguran a asistencia dos nenos á escola ata a idade mínima legal de admisión ao emprego. Ámbitos, en definitiva, nos que os sindicatos son máis débiles ou non existen.

En España a taxa de pobreza infantil, entendida como a pobreza dos fogares con nenos, incrementouse fortemente ao longo da recesión económica e a nosa rede de protección social demostrou ser en todo punto insuficiente ofrecendo aos fogares pobres unhas prestacións familiares moi baixas como é o caso da prestación por fillo a cargo.

A actual situación económica está a poñer en dúbida o noso sistema de garantías de renda e a súa inadecuación para dar resposta para os efectos do crecemento da pobreza. Cunha taxa de paro do 21% e un desemprego de longa duración próximo ao 58%, a taxa de cobertura das prestacións por desemprego é tan só do 52,9%, -a máis baixa desde 2004- e a protección social complementaria tampouco está a dar resposta a todas as persoas sen ingresos, como é o caso dos salarios sociais -cuxa cobertura é do 5,61%-.

Segundo os últimos datos publicados polo INE na súa Enquisa de Condicións de Vida



2015, estanse cronificando situacións de necesidade. Non se reflicte ningunha unha mellora económica tal e como evidencia o feito de que existen aínda un 13,7% de fogares que chegan a fin de mes con moita dificultade ou que os ingresos medios por persoa baixasen respecto ao ano anterior

Os fogares en situación de pobreza e con nenos teñen un maior risco de sufrir privación de necesidades básicas. Hai familias que non poden pagar as súas facturas ou ir de vacacións pero é que o 2,6% da poboación non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días -unha porcentaxe que se incrementa ata o 3,2% no caso dos menores de 16 anos-, e o 10,6% non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada, o 11,1% no caso dos menores de 16 anos.

O 28,6% da poboación, é dicir, preto de 1.330.000 persoas atópanse en risco de pobreza ou exclusión social, unha porcentaxe que se sitúa no 33,4% nos menores de 16 anos.

A esta situación engádense as alarmantes repercusións que nun futuro poden ter, nos nosos actuais 2.642.281 nenos pobres, esas dificultades económicas das súas familias. Non podemos esquecer que as situacións de pobreza vividas na adolescencia supoñen unha desvantaxe en termos de emprego, de saúde, de nutrición, de

situación social e reducen as posibilidades de recibir unha educación adecuada e desenvolver capacidades.

A pobreza transmítese xeración a xeración, e romper con esa tendencia é complicado se non se implementan as medidas adecuadas.

UGT considera básico traballar para lograr romper con esa herdanza da pobreza de pais a fillos porque nacer nun fogar pobre non debería significar ser pobre para sempre, e para iso apostamos, en primeiro lugar, por investir en educación apoiando ás familias con especiais dificultades e lograr a escolarización de nenos que viven en infravivendas e en barrios degradados. Hai que actuar para conseguir atallar o fracaso escolar e reducir o abandono do alumnado, e esforzarse na inclusión activa dos grupos máis vulnerables.

Débese erradicar a pobreza, especialmente a infantil, é dicir a que está a afectar ás familias con fillos, e incrementar a prestación por fillo a cargo dentro do sistema da Seguridade Social e desenvolver accións para que polo menos cúbranse as necesidades máis básicas asegurando como mínimo a alimentación diaria e adecuada, a educación e a sanidade dos menores. Son fundamentais accións como a nosa Iniciativa Lexislativa Popular para establecer unha Prestación de Ingresos Mínimos.

An advertisement with a red background. In the center, a young woman and man are looking upwards. The woman is holding a white sign with a large black question mark. To the left, a white speech bubble contains the text "Programa de garantía xuvenil". To the right, another white speech bubble contains "Programa extraordinario de activación para o emprego". At the bottom left, the word "INFÓRMATE!" is written in large, bold, white letters. At the bottom right, it says "Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>".

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT** ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

UGT ESIXE A RATIFICACIÓN DO CONVENIO 189 DA OIT PARA AUMENTAR A PROTECCIÓN NO EMPREGO DOMÉSTICO

Redacción.- Cúmpanse cinco anos da adopción do Convenio da OIT sobre traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos. Ata o momento foi ratificado por 22 países, 6 deles membros da UE, pero o Goberno español negouse reiteradamente a iniciar os trámites para a ratificación dun instrumento internacional que obrigaría a avanzar na progresiva equiparación de dereitos entre os traballadores do fogar -fundamentalmente mulleres e estranxeiras- e o resto de traballadores. UGT esixe a ratificación dun convenio que axudaría a aumentar a protección nun sector altamente precarizado, feminizado e empobrecido -

en 2014 case a metade dos empregados gañaron por baixo do SMI coa consecuente diminución nas futuras pensións-. O sindicato urxe ademais á adopción de medios eficaces por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social para controlar as condicións de traballo, así como, a convocatoria da mesa tripartita



para abordar un sistema específico de protección por desemprego, a inclusión do emprego doméstico na Lei de Prevención de Riscos Laborais ou a eliminación do desestímulo como causa de extinción do contrato.

FeSP-UGT denuncia que Medio Rural intenta desmantelar os servizos de prevención e extinción de lumes de Galicia con políticas clientelares de contratación e precariedade laboral

Redacción.- A Federación de Empregados e Empregadas de Servizos Públicos de UGT-GALICIA (FeSP-UGT de Galicia) amosa a súa indignación polas recentes declaracións realizadas polo director xeral de Ordenación e Produción forestal da Consellería de Medio Rural no Parlamento que son unha mostra máis da política de desmantelamento dos servizos públicos que se pretende no eido desta Consellería.

Pero é que dende FeSP insisten en que estas últimas declaracións non fan máis que ratificar a liña de argumentacións que se ven mantendo dende Medio Rural, a prevención e extinción de incendios forestais como negocio e non como servizo público.

Lembrar que o director xeral manifestou no Parlamento que no eido das labores de loita contra os incendios forestais lles resulta "máis barato e eficiente" recorrer a empresas privadas que facelo a través dos medios públicos. De novo, o director xeral confunde o público, que debe ser servizo, co privado, que é beneficio.

A política contractual desenvolvida pola Xunta neste colectivo é unha mostra máis de que a Administración galega non aposta pola prevención e extinción dos lumes forestais como un servizo público de calidade difícil de manter cando non se prevé a ampliación de contratos

dos traballadores da empresa pública Seaga, non se lles remunera conforme a ningún convenio colectivo e, polo tanto, sofren unhas condicións laborais e salariais deplorables.

De feito, non existe a intención de promocionar o servizo único de defensa contra incendios forestais, nin de mellorar os contratos en precario de tres meses do persoal tanto do SPDCIF como do SEAGA. O único que se fai é dar pasos atrás e cometer de novo os erros do pasado, fomentando a falta de profesionalidade coa contratación de brigadas dos concellos, que ao final, non son máis que redes de contratación feitas con poucos criterios profesionais e técnicos e que seguen na senda da precariedade laboral.

FeSP-UGT insta á Xunta a que se tome en serio, dunha vez por todas, a problemática dos lumes forestais, que todos os anos arroxa cifras indesexables de grandes extensións arrasadas polos lumes. Para isto, urxe acometer un servizo público forte e ben dotado, tanto dende o punto de vista de medios materiais como humanos; no que os seus traballadores teñan contratos estables e condicións dignas; en definitiva, un servizo estable que opere ao longo de todo o ano prestando atención non só á extinción no verán, senón tamén á prevención e coidado dos montes nos meses previos.

Presentado o libro "Reformas Laborais na Gran Recesión"

Redacción.- Unha delegación da Comisión Executiva Confederal, encabezada polo seu secretario xeral, Pepe Álvarez, asistiu á presentación do libro "Reformas Laborais na Gran Recesión". No acto interveu a secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, que destacou que é "especialmente importante que se realicen análises como este acerca das reformas laborais realizadas nesta longa e profunda crise"

O libro foi editado por Laboral Práctico e escrito polo catedrático de Economía Aplicada da Universidade Autónoma de Madrid, Santos Ruesga, os economistas Valeriano Gómez e Ignacio Pérez Infante e o catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Sevilla, Jesús Cruz. Esta obra reúne a un cadro dos mellores especialistas que hai en España tanto no campo do dereito do traballo como no da economía laboral, sinalou Barrera.

Na súa intervención destacou que resulta de enorme interese realizar unha análise acerca de "esa especie de reformismo compulsivo". "Creo lembrar -resaltou- que un dos autores contabilizaba en 18 as leis e decretos leis que, só nesta pasada lexislatura, modificaron o ordenamento xurídico laboral. Reformismo que parece aínda máis compulsivo se temos en conta que, con esa magnitude, non se deu en ningún outro ámbito do ordenamento xurídico español (nin tampouco europeo), nin na regulación de ningún outro mercado".